

O palestino Basim Al-Khandaqji será Escritor Galego Universal en 2026

O recoñecemento da AELG distingue o escritor palestino pola súa traxectoria literaria e polo seu compromiso coa dignidade e a memoria do pobo palestino.

Redacción 2 xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/palestino-basim-khandaqji-sera-escriptor-galego-universal-2026/20260102123626243456.html>

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega ([AELG](#)) aprobou o nomeamento do escritor palestino **Basim Mohammad Saleh Adeeb Al-Khandaqji** como Escritor Galego Universal para o ano 2026, un recoñecemento co que a entidade quere expresar a súa "admiración e profundo respecto" pola súa obra literaria e polo seu labor na defensa da cultura e da dignidade nacional de Palestina.

Nado en 1983, Al-Khandaqji é licenciado en Socioloxía e conta cun mestrado en Estudos Israelís pola Universidade Al-Quds, en Abu Dis. A súa traxectoria vital e creativa estivo marcada pola represión exercida polo Estado de Israel e o encarceramento, do que foi liberado recentemente no marco do último acordo de intercambio de prisioneiros.

A súa novela *Unha máscara da cor do ceo* foi distinguida en 2024 co **Premio Booker Internacional de Novela Árabe**, consolidando o seu prestixio internacional e situándoo como unha das voces máis relevantes da literatura palestina contemporánea.

A obra escrita de Al-Khandaqji abrangue poesía e narrativa, con títulos como *Rituais da primeira amargura*, *Alentos: poema nocturno*, *Narciso da soidade*, *O eclipse de Badr al-Din*, *Alentos dunha muller derrotada*, *O gardián do Holocausto* ou *Almiscre da suficiencia: biografía da señora das sombras libres*. Moitas destas publicacións contan con limiares de figuras destacadas das letras árabes como **Zahi Wehbe**, **Mahmoud Shuqair** ou **Ibrahim Nasrallah**.

Ademais da súa produción literaria, o autor publicou numerosos artigos en medios dixitais e redes sociais, así como máis de corenta textos políticos, literarios e ensaísticos no portal *Al-Hiwar Al-Mutamaddin*, incluíndo reflexións sobre a realidade do movemento de prisioneiros palestinos.

O nomeamento como Escritor Galego Universal insírese nunha liña de recoñecementos que a AELG vén concedendo desde hai anos a autoras e autores de referencia internacional, entre os que figuran **Mahmud Darwix**, **Pepetela**, **Nancy Morejón**, **Elena Poniatowska**, **Juan Gelman**, **José Luis Sampedro**, **Lidia Jorge**, **Bernardo Atxaga**, **Ana Luísa Amaral**, **Joseba Sarrionandia** ou **Shahd Wadi**.